



CONCELLO DE VIGO  
CONCELLERÍA DA ÁREA DE ORZAMENTOS E FACENDA

Expediente: 80/142

De: Responsable superior contable e Orzamentación  
A: Dirección de Ingresos (Dona María Jesús Magdalena)  
Asunto: Orzamento 2024, Beneficios Fiscais.  
Expediente 80/142

Coa data da sinatura do 27/06/2023, o Sr. Alcalde Presidente, resolveu sobre o inicio do expediente de formación do Orzamento do ano 2024. Con data posterior, o Sr. Concelleiro Delegado da Área de Orzamentos e Facenda Delegación, Resolución da Alcaldía de 20 de xuño de 2023 (BOPPO nº 123 de 27 de xuño), ditou as directrices de formación do Proxecto de Orzamentos.

Aos efectos de dar cumprimento ao previsto no artigo 168.1.e) do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, deberase achegar o anexo de beneficios fiscais en tributos locais contendo información detallada dos beneficios fiscais e a súa incidencia nos ingresos de cada Entidade Local tendo en conta se fose o caso, o proxecto de modificación de Ordenanzas en trámite.

O devandito anexo que ven sendo confeccionado os últimos anos, deberá ser asinado e incorporado ao expediente, a tal efecto, dáse un trámite AUT para autorizar á Sra. Xefa de Área para a súa incorporación ao expediente electrónico.

A confección do documento podería seguir a estrutura que regula o formulario do MINHFP F.1.1.17.

Así mesmo, en cumprimento do previsto no artigo 168.1.g), se solicita a emisión do informe de ingresos e bases utilizadas para xustificar as previsións contidas no devandito estado.

En Vigo a data da sinatura electrónica

O Responsable superior contable e orzamentario: Luís García Álvarez

O CONCELLEIRO DELEGADO DE ORZAMENTOS E FACENDA: Jaime Aneiros Pereira

Delegación, Resolución da Alcaldía de 20 de xuño de 2023 (BOPPO nº 123 de 27 de xuño) e Xunta de Goberno Local de 22 de xuño de 2023



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 04/07/2023 08:33	Páxina 1 de 1
80-142	CSV: AEAH28-E42F8F-253E3C-GR58RW-B5FZLG-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		